



Proxecto de Orde do -- de -----de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.

A disposición adicional primeira do Decreto 89/1993, do 19 de abril, polo que se regulan determinados aspectos en materia de libros de texto e materiais curriculares para as ensinanzas en réxime xeral (DOG núm. 78, do 27.04.93), faculta á persoa titular da consellería competente en materia de educación a ditar as disposicións que esixa o desenvolvemento e execución do decreto.

En consonancia coa política de austeridade do goberno da Xunta de Galicia, no contexto concreto das axudas para a adquisición de libros de texto e materiais curriculares e o período de vixencia destes nos respectivos cursos e ciclos, resulta conveniente efectuar unha adecuación á actual situación económica, coa finalidade de minimizar o impacto nas economías das familias e reforzar a garantía de igualdade de oportunidades no acceso á educación e a calidade do ensino.

Así mesmo, a permanencia dos mesmos libros de texto no centro durante unha etapa prudencial contribúe á dobre finalidade, de permitir o uso por distintos membros da familia, e de transmitir ao alumnado, dende as primeiras etapas da súa formación, a cultura xeral do uso racional e sostible dos recursos, e facelo dende un ámbito tan determinante para o seu desenvolvemento futuro como é o educativo.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 6.2 e no uso das facultades conferidas na disposición adicional primeira do Decreto 89/1993, do 19 de abril, polo que se regulan determinados aspectos en materia de libros de texto e materiais curriculares para as ensinanzas en réxime xeral (DOG núm. 78, do 27.04.93),

DISPOÑO:

Artigo 1. Vixencia dos libros de texto e materiais curriculares

1. Determinar como período de vixencia dos libros de texto e materiais curriculares para as ensinanzas en réxime xeral, seis cursos académicos, independentemente do momento en que se producise a dita elección, e con efectos a partir do curso escolar 2013/2014.
2. Durante este período só poderán substituírse, de forma motivada, cando circunstancias excepcionais ou de carácter pedagóxico ou científico o aconsellen, e así o estableza esta consellería.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan á presente orde.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, -- de ----- de 2013

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria